

VAIA PENURIA!

Os raios do sol atravesaban timidamente a ventá do meu cuarto nunha mañá fría de abril para anunciar o comezo dun novo día. A calor das sabas convertérase nunha loita interior que gozaba de máis poder que as miñas obrigas matinais. Ata que escoitei a voz da avoa, que non semellaba atoparse de moi bo humor. Encamiñeime ao lavabo tratando de poñer fin a aquela tortura. Inconscientemente abrín a billa e quedei mirando, pasmada, esperando. Pero de alí non saía nin pinga de auga. Era estraño. Pensei que se trataría dunha avaría, pero a realidade ía ser outra. Saín á rúa e un inquietante murmurio brotaba da multitude.

Que facer sen auga? Era posible? Ese ben tan prezado, que nos agasallaba a diario coa súa presenza, desaparecera case como por arte de maxia.

As horas pasaban devagar e o día íase consumindo, agonizando lentamente, ao mesmo tempo que o ánimo de todos nós, co desacougo e a frustración de quen non está afeito a padecer en carne propia tal penuria coma esa.

O mundo parara e ninguén de nós eramos quen de facelo xirar de novo.

Pseudónimo: E. Nogueira

Relato clásico: 2º Bacharelato